



## CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS AOS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR, CURSO 2022-2023

**1.- Obxecto.** A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas aos desprazamentos co fin escolar dirixida ao alumnado empadroado no Concello de Sada para o curso 2022-2023, favorecendo o acceso aos centros de ensino públicos mediante unha axuda nos gastos derivados da utilización de calquera tipo de transporte para acceder aos mesmos.

**2. Criterios.** Concederáse unha única axuda para todo o curso lectivo, que será aboada en dous prazos: un 70% na anualidade 2022 e un 30% na anualidade 2023.

Establécese como criterio de concesión a distancia que existe entre o domicilio do/a beneficiario/a e a localidade do centro de ensino onde estea matriculado (sempre e cando o centro careza de transporte escolar), segundo o baremo que figura a continuación (a distancia mínima para percibir a axuda é de 1 km.):

- De 1 a 3 km.: 50 euros (por ex. Sada)
- De 4 a 15 km.: 80 euros (por ex. Bergondo, Betanzos..)
- De 16 a 40 km.: 100 euros (por ex. A Coruña..)
- De 41 a 80 km.: 150 euros (por ex. Santiago, Lugo..)
- Máis de 80 km.: 180 euros (por ex. Pontevedra, etc.)

No caso de que, a vista do número de solicitantes beneficiarios e unha vez concedidas ás axudas polos importes establecidos no parágrafo anterior, se supera a contía total fixada na Disposición Final; as citadas contías reduciranse nun 10% do seu importe, sucesivamente e ata que se de cobertura á totalidade das solicitudes presentadas.

As persoas que estean cursando estudos en máis dun centro só poderán solicitar a axuda económica para un deles

### 3. Beneficiario/as:

3.1.- Poderán acollerse o alumnado empadroado no Concello de Sada que curse calquera dos seguintes estudos dentro ou fóra da Comunidade Autónoma Galega:

- Educación Secundaria Adultos (ESA)
- Bacharelato
- FP/Ciclos formativos
- Estudos universitarios
- Calquera estudio oficial homologado estatalmente.

Ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado no Concello de Sada
- b) Estar empadroado a máis de 1 km. de distancia do centro de estudos
- c) Estar matriculado nun centro de ensino público
- d) En función da natureza da subvención aplícase a excepción prevista no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos requisitos para obter a condición de beneficiario

3.2.- Non poderán acollerse as persoas que se atopen nos seguintes supostos:

- Ter solicitada para o presente curso lectivo calquera outra axuda económica relacionada co desprazamento ao centro de ensino, ou ben estar matriculadas en cursos onde estean total ou parcialmente subvencionados os gastos de desprazamento.

- Cursar estudos de educación primaria ou secundaria (ESO), ou Infantil (3-5 anos)
- Estar matriculados en centros privados ou públicos concertados
- Cursar estudos con duración inferior a 6 meses

3.3.- A efectos de dar traslado á axencia tributaria das axudas concedidas tomarase como beneficiario ó interesado/a ou o/a representante legal, no caso de minoría de idade, co seu correspondente número de identificación.

#### **4. Publicación das bases e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes, dirixidas ao sr. Alcalde e asinadas polo solicitante, formularanse no modelo que figura como anexo desta convocatoria e presentaranse no Rexistro electrónico do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes deberán presentarse no prazo máximo de 15 días hábiles a partir da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará na páxina web do Concello podendo presentarse as instancias a partir dese momento.

#### **5. Documentación a presentar:**

- a) Solicitud en modelo normalizado, conforme ao Anexo I.
- b) Certificado de conta bancaria, expedido pola entidade bancaria co nome do interesado/a ou titor/a legal.
- c) Volante de empadramento do/da solicitante.
- d) Certificado de estar matriculado/a no actual curso académico 2022-2023 ou resguardo da matrícula, de cara ao 1º prazo para a obtención do 70% da axuda.
- e) Boletín de notas finais, coa data de finalización do curso (a presentar na anualidade 2023 de cara ao segundo prazo para a obtención do 30% restante da axuda).
- f) Declaración xurada de que non foron percibidas outras axudas polo mesmo concepto doutros Organismos e/ou Administracións Públicas e, no caso de percibilas, contía das mesmas (ANEXO II).

#### **6. Procedemento.**

Baremaranse as solicitudes e elaborárase o informe-proposta para a súa concesión ou denegación en función do cumprimento dos requisitos esixidos pola Concillería delegada de Educación.

Unha vez fiscalizada pola Intervención municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes aos que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados segundo o establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de un mes.

Para o cobro do 30% restante (anualidade 2023) deberán presentar antes do 31/08/2023 o correspondente boletín de notas. A non presentación desta xustificación no prazo establecido para elo suporá á renuncia a esta segunda fase da axuda.

**7. Disposición final.** As axudas serán concedidas sempre co límite orzamentario da partida 326.48011 do vixente orzamento municipal, ampliables no caso de economía doutras subvencións destinadas á educación.

---

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente convocatoria foi aprobada pola XGL de data 20/10/2022

Asinado dixitalmente

O secretaria

María del Carmen Seoane Bouzas



ANEXO I  
Modelo de solicitude de axudas

**AXUDAS ÓS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR 2022/2023**

<b>REPRESENTANTE LEGAL (PAI / NAI / TITOR)</b> D/D <sup>a</sup> :  DNI:  ENDEREZO:  TLF:
<b>INTERESADO:</b>  ALUMNO/A:  CURSO:  CENTRO ESCOLAR:  DISTANCIA KM:
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:</b> <p style="text-align: right;">(SUPOSTOS DE MINORÍA DE IDADE)</p> <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI DO ALUMNO/S E DO CABEZA DE FAMILIA OU TITOR  VOLANTE DE EMPADROAMENTO.  <input type="checkbox"/> CERTIFICADO OU ACREDITACIÓN DE ESTAR MATRICULADO NO CURSO ACADÉMICO, EXPEDIDO POLO CENTRO DE ESTUDIOS CORRESPONDENTE; OU FOTOCOPIA DO RESGARDO DA MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR  <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE NON PERCEPCIÓN DE AXUDAS POLO MESMO CONCEPTO DOUTROS ORGANISMOS/ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA PARA O INGRESO DA AXUDA CONCEDIDA, NO SEU CASO
<b>POR TODO ISTO SOLICITO:</b> <b>QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA INSTANCIA E OS DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á QUE SE REFIRE ESTA PETICIÓN.</b>  <p style="text-align: center;">Sada,</p> <p style="text-align: center;">O/a representante legal / interesado</p> <p style="text-align: center;">Asdo.:</p>

**-SR ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE SADA (A CORUÑA)**

AVDA. DA MARIÑA 25, 15160 SADA

ANEXO II  
**DECLARACIÓN DE AXUDAS**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, titular do D.N.I. núm. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ como representante legal do menor / estudante  
\_\_\_\_\_

D / D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, titular do DNI núm. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ como interesado

Que en relación coa convocatoria de axudas aos desprazamentos co fin escolar do Concello de Sada para o curso 2022/2023 para a que solicita axuda económica,

**DECLARA**

- Que non solicitou nin obtivo subvención algunha de Organismo Público ou privado
- Que solicitou e obtivo subvención das seguintes entidades polas contías que se indican

ORGANISMO/ENTIDADE	CONTÍA SOLICITADA	AXUDA CONCEDIDA

( márkese o que proceda)

Sada, de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo.-